DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

SERVIZO ACCIÓN SOCIAL, CULTURAL E DEPORTES
SERVIZOS SOCIAIS

RESOLUCIÓN POLA QUE SE MODIFICA A RESOLUCIÓN NÚMERO 18527 DO 9 DE MAIO DE 2023 POLA QUE SE APROBA A CESIÓN DA EXPOSICIÓN PARA INTERIORES "NÓS SOMOS ELAS" AO INSTITUTO DE EDUCACIÓN SUPERIOR MONELOS

Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Detectados erros de carácter material na resolución número 18527 do 9 de maio de 2023 pola que se aproba a cesión da exposición para interiores "Nós somos elas" ao Instituto de Educación Superior Monelos e despois do informe do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes ,

RESOLVO:

Modificar a resolución número 18527 do 9 de maio de 2023 pola que se aproba a cesión da exposición para interiores "Nós somos elas" ao Instituto de Educación Superior Monelos:

Onde di:

1. Conceder ao Instituto de Educación Superior Monelos, NIF Q6555752B, a cesión da exposición para interiores "Nós somos elas" dende o 1 ao 31 de marzo de 2024.

Debe dicir:

1. Conceder ao Instituto de Educación Superior Monelos, NIF Q6555752B, a cesión da exposición para interiores "Nós somos elas" dende o 1 ao 23 de febreiro de 2024.

Polo tanto, o texto definitivo da Resolución será o seguinte:

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A CESIÓN DA EXPOSICIÓN PARA INTERIORES "NÓS SOMOS ELAS" AO INSTITUTO DE EDUCACIÓN SUPERIOR MONELOS

Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Á vista da solicitude achegada polo Instituto de Educación Superior Monelos e logo do informe da Sección de Servizos Sociais, de acordo coas Bases para a cesión da exposición "Nós somos elas" en interiores, publicadas no BOP número 280 do martes 2 de novembro de 2021.

RESOLVO:

1. Conceder ao Instituto de Educación Superior Monelos, NIF Q6555752B, a cesión da exposición para interiores "Nós somos elas" dende o 1 ao 23 de febreiro de 2024.

2. As condicións e obrigas son as seguintes:

1.- Seguir as directrices para a retirada e devolución da exposición, a informar das datas da exposición e a súa ubicación así como de calquera modificación ou incidencia a través do mail igualdade@dacoruna.gal.

2.- Asumir o cargo do traslado e transporte da exposición, a vixilancia e seguridade, así como a substituír algún panel en caso de desperfectos coas mesmas características técnicas coas que está producida.

3.- Poderán contratar a maiores actividades complementarias a exposición, a Deputación no aboará ningún dos gastos complementarios relativos a calquera mellora, necesidade ou actividade complementaria.

4.- Colocar en lugar visible o logotipo da Deputación Provincial da Coruña e o de Igualdade no formato dispoñible no apartado de imaxe corporativa na web da Deputación.

5.- Utilizar no conxunto de soportes informativos e de difusión (folletos, carteis, cuñas de audio, programas de man, etc.) a lingua galega, sen que iso exclúa a posibilidade de utilizaren tamén outras linguas, e unha linguaxe con perspectiva de xénero.

6.- As cesións serán intransferibles.

A presente resolución, que pon fin á vía administrativa, é susceptible de recurso de reposición ante esta Deputación no prazo dun mes que se contará desde o día seguinte ao da notificación da presente resolución, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña, no prazo de dous meses, que se contarán desde o do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación da presente resolución, de conformidade co establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, reguladora da xurisdicción contencioso administrativa, sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.